

NECROLÓXICA

A piques de rematar a edición do número anterior de *Viceversa* sorprendíanos a noticia do pasamento de Xela Arias Castaño, poetisa, tradutora, membro do Consello de redacción desta revista e, sobre todo, amiga.

Xela traballou nesta revista dende que botou a andar, aló polo ano 1995, encargándose de coordinar o traballo da sección Traducións xustificadas e compartindo con todos nós a súa experiencia literaria e o seu saber tradutivo.

Deuse a coñecer como poetisa no ano 1986 con *Denuncia do equilibrio* e máis tarde publicaría *Tigres como cabalos* (1990), *Diario a diario* (1996) e *Intemperíome* (2003). Ademais, participou en libros colectivos como *Palabra de muller* (1992) e *Rosalía na palabra de once poetas galegos* (1997).

Colaborou en diversas publicacións e interviña de cote en recitais poéticos. Comprometida co país, poetisa contida e esencial, a súa obra poética destaca pola súa concisión, depuración e pola liberdade e a independencia para tocar tanto a análise social coma a máis íntima.

É ademais autora de numerosas traducións ó galego: *O Gato Gatado e a Andorriña Seña* (de Jorge Amado), *A cantiga de amor* (de Vicente Beltrán), *Amor de Perdición* (de Camilo Castelo Branco), *Dublínese* (de James Joyce), *O derradeiro dos mohicanos* (de James Fenimore Cooper), *O bosque animado* (de Wenceslao Fernández Flórez), *A caída do dragón do trono*, *Os dentes do dragón* e *A volta do sol do norte* (de Henk Kuijpers), *Camiñando sobre as augas* (de José Viale Moutinho), *Drácula* (de Bram Stoker), *Venus Negra* (de Angela Carter), *As bruxas* (de Roald Dahl). No ano 1993 recibiu o premio Ramón Cabanillas de tradución por *O derradeiro dos mohicanos*.